

FESTIVAL INTERNACIONAL DE NARRACIÓN ORAL
GALICIA*INGLATERRA*BRASIL*COLOMBIA*ALICANTE*ZARAGOZA
13 E 14 XANEIRO 2012



VENRES 13.

Contada Escolar

11:00 I.E.S. As Telleiras: **Tim Bowley e Charo Pita.**

11:00 I.E.S. Terra de Trasancos: **Félix Albo.**

18:00 Biblioteca Municipal do Alto do Castiñeiro: **Márcio Griô.**

20:30 Asociación de Veciños "Altea" de Xuvia: **Félix Albo.**

20:30 Sociedade Cultural "A Pombiña": **Alekos.**

20:30 Asociación de Veciños "Os Irmandiños" do Val e Asociación Cultural e de Mulleres "Zarabanda": **Tim Bowley e Charo Pita.**

20:30 Café Teatro do Pazo da Cultura: **Cristina Verbena.**

SÁBADO 14.

Contada Infantil

12:00 Asociación de Veciños "Os Irmandiños" do Val e Asociación Cultural e de Mulleres "Zarabanda": **Alekos.**

12:00 Agrupación Veciñal S. Mateo de Trasancos: **Cristina Verbena.**

12:00 Biblioteca Municipal do Alto do Castiñeiro:

Presentación da novela: **HARRAGA.**

De **Antonio Lozano** coa colaboración de **Carlos Oramas.**

20:00 Pazo da Cultura **CONTADA COLECTIVA:** **Márcio Griô, Félix Albo, Alekos, Cristina Verbena, Tim Bowley e Charo Pita.**

TIM BOWLEY

CHARO PITA

MÁRCIO GRIÔ

CRISTINA VERBENA

ALEKOS

FÉLIX ALBO

COLABORA:

I.E.S. As Telleiras

I.E.S. Terra de Trasancos

Asociación de Veciños "Os Irmandiños" do Val

Asociación Cultural e de Mulleres "Zarabanda"

Agrupación Veciñal S. Mateo de Trasancos

Asociación de Veciños "Altea" de Xuvia

Sociedade Cultural "A Pombiña"

Biblioteca Municipal do Alto do Castiñeiro

ORGANIZA:



FESTIVAL INTERNACIONAL DE NARRACIÓN ORAL
GALICIA*INGLATERRA*BRASIL*COLOMBIA*ALICANTE*ZARAGOZA
13 E 14 XANEIRO 2012



TIM BOWLEY
CHARO PITA
INGLATERRA
GALICIA



MÁRCIO
GRIÔ
BRASIL



CRISTINA
VERBENA
ZARAGOZA



ALEKOS
COLOMBIA




FÉLIX ALBO
ALICANTE



O FESTIVAL

O Festival Internacional de Narración Oral Conta con Narón é un verdadeiro festival da palabra, do relato, da historia que se conta e que se escoita. Este festival nace como extensión do Festival Internacional de Narración de Agüimes (Gran Canaria), que este ano a súa vixésima primeira edición converténdose no máis antigo de España. Así, os contadores que se achegarán a Narón, terán a oportunidade de percorrer esta localidade a través das parroquias para trasladar a súa palabra a menos e maiores.

HARRAGA



Harraga, “os que queiman”, é unha palabra que designa en Marrocos ós que prenden lume ós seus papeis antes de emprender a gran viaxe. Jalid, un novo camareiro do tangerino Café de París, soña con outros mundos. Sae na súa busca da man dun amigo afincado en Granada, e a súa ruta convértese nunha corrente de augas turbulentas contra a que lle será imposible nadar.

Para a presentación desta novela, **Antonio Lozano** estará acompañado do guitarrista **Carlos Oramas**.



ANTONIO LOZANO



CARLOS ORAMAS

OS CONTADORES

Tim Bowley é un grande narrador británico con 20 anos de experiencia que ten percorrido Europa e América e tamén viaxado ata a India e Norte de África para enfeitar ao público coas súas historias. Agora trae a Galicia contos da tradición oral de distintas culturas do mundo: lendas do rei Arturo, contos de fadas europeos, historias celtas, relatos dos indios americanos, contos de orixe sufi e zen... fiando así un tecido irresistible de maxia e comedia.



TIM BOWLEY
CHARO PITA

Charo Pita traballa como narradora desde o ano 94. Ten contado ao longo de toda a xeografía hispana e participado nos máis prestixiosos festivais de contos. Desde principios do 2006 narra xunto a Tim Bowley e coas súas traducións ao galego axuda a que os relatos deste contador inglés con toda a súa forza no idioma galaico.



MARCIO
GRIÔ

A aula-espectáculo é un ritual de segredos e misterios, ciencias e mitos, cantigas, danzas e historias de vida que contan sobre os antepasados e a identidade dunha xente que resiste e re-existe como cidadá. Quen participa redescóbrese redescubriendo o mundo e a súa gran familia étnico-cultural. A aula-espectáculo é un espazo de intimidade e expresión coa erudición da cultura oral de grîos e mestres de tradición oral. É un ritual de vínculo e aprendizaxe creado pola pedagogía grîo do proxecto social Grãos de Luz e Griô, do Brasil (www.graosdeluzegrio.org.br, www.acaogrio.org.br).

“Son **Cristina Verbena**. Vivo de contar historias. Gústame porque me fai estar ao día, seguir curiosa. Conto historias tradicionais e contemporáneas. Altérnoas con cancións e poemas, trabalinguas... a voz pasa dun xénero a outro e segue bailando. Para público infantil e para xente grande.

Para min, contar é un xogo. Ben xogado, con respecto. Espérote para empezar. “



CRISTINA
VERBENA

Félix Albo é un mediterráneo que ten por oficio contar historias.

Percorre quilómetros e quilómetros provocando emocións, só coas súas palabras, ao público que o escoita: público novo e adulto e tamén familiar, de primaria, de secundaria e adolescente. Público de todos os lados xa que percorre a Península, as illas e, desde hai cinco anos, déixase ver por Bolivia, Colombia, Marrocos, México, Venezuela...



FÉLIX ALBO

Alekos é coordinador da Rede Internacional de Contacontos. Conta contos en castelán para nenos e adultos. Fai recitais onde se integran palabra, música e imaxe.

Traballa tamén en teatro, plástica e gráfica. Expuxo individual e colectivamente en América e Europa. É ilustrador de numerosas publicacións e autor de cinco libros. Integrante dun dueto de cancións de despeito: Malmarido y 4 copas.



ALEKOS